

# Luzes

## Xosé Luís Méndez Ferrín: «A terra e o tempo trazan a liña da literatura»

3 de Xaneiro de 2022 [Ana Mosquera](#)

<https://luzes.gal/03/01/2022/en-aberto/xose-luis-mendez-ferrin-a-terra-e-o-tempo-trazan-a-lina-da-literatura/>

Realizamos a entrevista en dúas sesións, a primeira no meu despacho e a segunda nunha concorrida praza, preto da súa casa. Os dous somos da mesma tribo; unha tribo que procede dunha fronteira case mitolóxica que a pandemia restaurou despois de máis de trinta e cinco anos. Acaba de saír ademais un novo libro que recompila a súa sección semanal no *Faro de Vigo*, e que leva por título *No fondo dos espellos*.

**Vostede é un autor moi imaxinativo, pero os artigos deste libro, que vén de publicar a Universidade de Vigo, teñen unha forma máis ensaística. Recollen temas moitas veces eruditos de arqueoloxía, historia, zooloxía, galeguismo e nacionalismo. Que o impulsou a este enfoque?** En realidade isto ten que ver co formato. Déronme unha plana enteira no Faro de Vigo, nun suplemento de carácter cultural, e era un lugar adecuado para falar de historia, onomástica e outros temas que me interesan especialmente, como a zooloxía de insectos. Este enfoque prodúcese unha especial satisfacción porque sempre deixara o xénero ensaístico de lado na miña obra. É unha sección que me permitiu abordar temas que había tempo que maduraran dentro de min. Eran como os ovos dunha galiña que foran chocando e dos que foron saíndo coma pitiños ou poliños dispersos, pero unidos coma unha pequena rolada ao redor de min. **Estes artigos din máis sobre o autor ou sobre a época na que foron escritos?** O libro recolle todos artigos da sección de *No fondo dos espellos* de forma exhaustiva durante un período de tempo, no que unicamente se suprimiu a caixa de correo que eu ía respondendo. E aínda que falen de historia dos suevos, poño por caso, están unidos por un fío máis ou menos visible que é a realidade do momento no que se escribiron. Pode ocorrer que algunhas cousas quedasen vellas. Vese tamén que algunhas precisaban ser revisadas. Incluso nalgún caso cambiei de opinión, pero outras sígoas defendendo.

**Gustaríalle dirixir un xornal como fixo Cunqueiro?** Si. Para ser sincero penseino varias veces, tal vez influído por Valentín Paz Andrade que dicía: «temos que ter un periódico noso». Fíxome ver que Galiza necesitaba un periódico noso e que estivese en Vigo porque en Vigo se xeraba o 50% da publicidade de Galicia, así de sinxelo, e porque Vigo polas súas condicións está chamada a ser a capital galega.

**Isto non vai gustar na Coruña nin en Santiago.** Se até Ramón Piñeiro pensaba iso. Galaxia ten sede en Vigo, a Fundación Penzol tráese a Vigo. A Coruña xa ten as súas institucións, que son magníficas, a Academia Galega ten que estar alí. Santiago é unha trampa, un pantano. É unha «crus» que nos afecta tanto que corrompe o 25 de xullo. O día que escolleron os nacionalistas para o día da patria foi unha malísima escolla porque temos que compartilo cunha mentira histórica, que é a peregrinación de Santiago, e coa Igrexa católica, que é unha malísima compañeira que nos roubou o Panteón de Galegos Ilustres, sen ningunha actuación por parte das autoridades.

Vigo, pola contra, é a cidade máis laica de Galicia. Tiveron que traer un bispo de Tui, e é unha cidade pangalega, que ten habitantes de todas partes. Non é capital de provincia e non ten subdelegado do Goberno.

**Isto lémbreme unha tese de Anselmo López Carreira, segundo a cal os reis de Galicia se foron instalando primeiro en Asturias e despois en León escapando dos bispados.** Certo, ten sentido, porén o rei de Portugal, Afonso Henriques, tivo éxito porque se apoiou nos burgueses da cidade e competiu coa Igrexa.

**E que opina de que un personaxe que admira como Hugo Chávez se apoiase nas crenzas da xente e na relixión?** Iso non ten que ver. A República de Venezuela é laica desde Bolívar, eu non teño nada contra as relixións, pero os privilexios non se poden permitir desde a Revolución francesa.

**Faltounos aquí unha Revolución francesa?** Estivemos a punto de importala cando veu Bonaparte. Era laico, pero non prosperou.

**En 1991, non moitos anos despois de que desaparecese a fronteira, publicou o libro *Arraianos*. É importante a raia na súa vida?** Non hai unha unidade na raia. Hai moitas raias, a que eu vivín e vivo é a miña. Ese triángulo máxico cos vértices en «Crasto» Laboreiro, os Arcos de Valdevez e Celanova. Pero teño visto outras raias como Oímbra e o Támega que non me son tan familiares e que seguro que tamén teñen a súa propia maxia. Pero esta raia que eu coñezo é o meu lugar mítico, segredo que non me gusta compartir con todo o mundo porque probablemente non o entendan. E desa raia, a montaña do Penagache ou Penegache, como dicimos en Vilanova, é un símbolo. Cando vou a Celanova véxoa xa desde Loiro. Se veño pola estrada de Vigo vexo o Penagache cando estou entrando no túnel da Cañiza, e curiosamente á saída do túnel desaparece o Penagache e aparece o Galiñeiro que é outra Raia, que é a Raia do Miño, outro lugar máxico e misterioso.

**Entre as súas montañas máxicas: o Galiñeiro ou Penegache?** O Penegache é para min máis irreal. Eu tiña un tío avó cura en Bande e falábame das vacadas, das vacas soltas, e de pronto vinas. Estaban alí.

O Galiñeiro coñezoo pedra por pedra, recorrino a cabalo. O Penegache que conto, en boa parte, é imaxinario. Nos meus contos de Arraianos non hai un en que non saia o Penegache. Acórdome dun cura en Milmanda, ensinando uns restos arqueolóxicos: «Aquí hai uns restos paleocristiáns, os restos dun castelo e ademais, con todo o respecto, no horizonte... o Penegache».

**A pesar de dicir que non lle gusta compartila, desde o seu libro de *Arraianos*, na nosa raia espertou un orgullo e unha conciencia de pertenza á fronteira. Cre que esa é unha función do escritor ou un efecto colateral?** Non creo que un escritor teña esa misión, aínda que algúns escritores parece que a teñen. Novoneyra parece que naceu para explicar o Courel, pero ademais

diso era un poeta que tamén explicou Madrid. E Manuel María parece que tanto insistiu na Terra Cha que a foi ampliando, e sitios que non eran da Terra Cha agora sono pola influencia de Manuel María, que coa súa maxia conseguiu iso. Valle-Inclán, que aínda que escribiu en castelán é un escritor afortunadamente mestizo, por iso nunca o fixeron académico da RAE, ten sempre o Salnés e boa parte da obra de Valle-Inclán é o Salnés, quitando o que non é América, caso de Tirano Banderas, ou Madrid. Pero ese Madrid será sempre un Madrid valleinclanesco. Hai esa relación entre os grandes escritores e as terras reais, históricas e ancestrais que eles viviron.

**A súa traxectoria política e vital converten a figura do escritor en parte da súa obra?** Non se poden separar. Nun escritor cunha conduta cívica resulta inseparable. Todo o mundo ten unha poética, ten una concepción do mundo e unha visión das cousas que forzosamente se reflicten no que escribe.

**Un escritor dunha lingua minorizada, coma o galego, pode convertese automaticamente nun activista da lingua? É isto positivo?** A lingua é unha das nosas fortalezas, aí somos imbatibles e indestrutibles. A nosa literatura é superior á catalá, dígoos aínda co risco de parecer supremacista. A nosa literatura vén desde a Idade Media. Cando os cataláns aínda escribían en provenzal, nós xa escribiamos en galego. Tiñamos os poetas medievais, a Martín Codax, a Alfonso X o Sabio. E agora até desapareceu practicamente a figura do escritor galego en castelán. Hoxe non hai ningún Valle-Inclán, ningún Torrente Ballester. A literatura que se produce en Galicia é en galego e danos unha fortaleza indiscutible para a defensa da lingua.

A literatura galega de hoxe é unha literatura de vangarda, tratando temas universais coma cando vostede e o grupo Brais Pinto trataban de colocala á altura das novidades europeas e sacala do costumismo. Os que empezaron a colocar a literatura galega nas vangardas foron Rosalía, Pondal, Manuel Antonio... Hoxe segue sendo unha literatura do seu tempo, da época. Cando nós fundamos o voceiro político antifascista do noso partido, chamámoslle Terra e Tempo. A terra e o tempo trazan a liña da literatura.

**Antes falou da raia que ten tan próxima na memoria. Por que un escritor da fronteira non se apunta ao reintegracionismo?** Precisamente o reintegracionismo é unha perversión que non florece na raia. Eu non coñezo reintegracionistas raiotos, como din en Verín, ou arraianos, termo este que recuperou Manuel Rodrigues Lapa, o meu mestre. A el non se lle ocorreu nunca dicir que o galego tiña que desaparecer, aínda que se lle ocorrese outro disparate peor, polo que nos incomodamos, ou mellor dito me incomodei eu. Creo que el non se chegou a enterar porque eu lle tiña moito respecto. Escribiu nun ensaio infeliz que o galego estaba ben para falar, pero para escribir xa tiñamos en bandexa de ouro a lingua portuguesa con toda a súa finura e delicadeza e experiencia desde o Renacemento... Para que tiñamos que ensaiar formas novas da mesma lingua? E non é así, nós temos unha lingua que se esgazou e nós non temos a culpa. Ocorreu porque unha parte de Portugal se independizou na Idade Media, e fixo ben en facelo. Nós temos menos consoantes e vogais que os portugueses, e eles teñen polo tanto que escribilo con outros signos. Iso no que respecta á ortografía. O léxico é bastante común, pero a fonética é diferente. Non coñezo a ningún reintegracionista que saiba pronunciar algunha das consonantes portuguesas.

Aínda así, na raia de Castro, a fonética é practicamente igual. Unha das máis famosas dialectólogas de Portugal fala do «galego de Castro Laboreiro».

**Recentemente saíu nos medios a noticia de que unha novela súa, incautada como proba contra vostede nun procedemento penal, apareceu no arquivo de Salamanca. Imos vela publicada?**

Non teño pensado. É unha novela cargada de boas intencións políticas [risos] pero non ten nada que ver co meu gusto actual.

**Cantas veces o procesaron durante o franquismo?** Paréceme que foron tres. E condenáronme unha soa, a dous anos. Eu sempre fun zafando. É certo que tiveron bos avogados e conseguín burlar a policía. E como non me podían coller co que eles querían, que era propaganda, presentáronse na miña casa e colleron un manuscrito en tres copias que puxeron a disposición do TOP [Tribunal de Orde Público] que achou que alí había un delito, fundándose no animus difundendi, algo que non existía nin na tradición xurídica nin na xurisprudencia. Debín ser o único que foi condenado por intención de difundir e ademais con só tres exemplares. Cumprinos todos, os dous anos, menos dous meses de liberdade condicional que me conseguiu Valentín Paz Andrade.

**Na súa estancia na cadea coincidiu con presos de dous episodios singulares do franquismo.** En Vigo coincidín cun dos episodios menos comentados da historia local, que ocorreu cando os concelleiros do Goberno municipal foron condenados e metidos en prisión por un delito de suborno, no que recibiron reloxos e alfaías. Barbazán era o primeiro tenente alcalde e foi condenado. E o alcalde Portanet non foi procesado porque era procurador en Cortes e estaba aforado.

No penal de Dueso atopei aos do Licor Café, o pai de Gloria Lago, el levaba boa amizade comigo. Co avó, o Lago vello, xa coincidira antes na cadea da Coruña.

No franquismo, algunhas veces funcionaba a separación de poderes. Os Lago atoparon un fiscal de Ourense de esquerda, Seoane, que foi implacable con eles.

**Na época que vostede presidiu a RAG, esta institución foi un elemento dinamizador da lingua. Que función debería ter a Academia segundo vostede?** A súa función paréceme que ten que ser simbólica, e así o intentamos con Axeitos, con Paco Fernández Rei, que formaban parte da Xunta directiva. Hai xente que di que está contra as bandeiras, pero así é como se moven os corazóns e as vontades, e a RAG é tal vez a única institución que representa a Nación Galega desde Curros Enríquez e Murguía. Non depende do Estado Español. Iso viuno moi ben Curros, non hai escritor máis republicano até o sectarismo ca el, pero cando lle preguntaron por que poñerlle o nome de Real á Academia, el contestou que: «naturalmente para que non poida vir un delegado gubernativo, gobernador civil ou xefe civil e nos prohiba un acto». E iso, en canto non haxa República, está ben.

**Que lles diría aos que pugnan por retirar o cualificativo de «Real» da RAG?** O nome de Real debe conservarse até que Galicia sexa unha República independente. Aos que queren quitarlle o de «Real» diríalles que insistan na política e traten de actuar coma republicanos.

**A súa actividade dinamizadora como presidente da RAG pasoulle factura?** Houbo unha conspiración contra nós. Compraron espazos publicitarios no ABC e montaron unha campaña de desprestixio baseada fundamentalmente en que no seu momento a Xunta puxo a disposición da Academia un coche vello que non usaba, e tamén pola miña filla que estivera alí uns meses, sen pasar por unha oposición, cando o persoal das Academias non se selecciona desa forma.

**A defensa activa, incluso xudicial, que fixo a Academia do galego puido auspiciar que a Xunta iniciase esta persecución?** Antes de ser nomeado eu presidente da RAG, invitoume a comer o presidente da Xunta á súa casa e preguntoume cal sería a miña posición sobre o Decreto de Plurilingüismo se era nomeado. Eu díxenlle que faría todo o posible por impedi-lo. A miña relación con el foi de claridade e non creo que el conspirase contra min. Conspirou contra min o grupo

piñeirista que agora controla toda a política lingüística e cultural: Consello da Cultura, ILG e faltáballes a Academia. Agora xa a teñen e xa se nota.

As accións xurídicas contra o Decreto de Plurilingüismo continuaron despois de que nos botasen a nós da dirección da Academia. Os que nos substituíron sentíronse obrigados a continuar a batalla xurídica contra ese decreto. Non se podía desistir dese preito. Como se explicaría iso diante de todo o mundo? Determinados litixios teñen unha compoñente política e a teoría da separación de poderes ás veces non é real. Agora mesmo estanse a dicir unha serie de barbaridades sobre o indulto aos cataláns, pola oposición dalgúns xuíces, cando o indulto non ten nada que ver co poder xudicial; é outorgado polo poder político. No caso do noso preito había unha compoñente política e histórica, e o preito gañouse no sentido de manter a dignidade da Academia para o ben da lingua e de Galicia.

**Ramón Piñeiro ten importancia na súa obra. Non pensa que en realidade ten máis importancia na súa biografía persoal que na historia de Galicia?** Si, o que pasa é que antes de botarme da Academia expulsáronme doutros lados, entre eles da comunidade galeguista. Non se podía ser comunista e independentista e ser galeguista. A min iso afectoume e considerei que ese episodio debía figurar na miña obra, non por min, senón pola memoria e a colectividade. Aquel era un camiño que conduce á aniquilación. Levábanos de volta ao rexionalismo, cando xa desde as Irmandades da Fala defendemos o nacionalismo e o dereito de autodeterminación.

**Grazas aos piñeiristas e o grupo de Galaxia anticipouse a publicación de obras en galego.** Si, en Vigo creouse Galaxia en 1950, pero non foron os primeiros. Pouco antes creárase Edicións Monterrei, de Álvarez Blázquez, que foi o primeiro que puxo o libro galego nas feiras ao alcance dos campesiños e até dos xitanos. Eu vin na feira de Lugo os xitanos achegarse ao furgón de Álvarez Blázquez para mercar O Catecismo do labrego, de Lamas Carvajal.

**Falando das feiras, vostede ten ascendentes que ían por elas en carromatos.** Eu veño, por parte do meu pai, dunha familia ambulante. En Vilanova dos Infantes, nas familias próximas a nós, non existen labregos, nin xornaleiros nin posuidores de terra. Gañaban a vida como podían. A miña avoa era panadeira e vendía o pan polas feiras. Outros eran mestres zapateiros e vendían zapatos tamén polas feiras, outros tecidos. E tamén eran músicos. O meu bisavó, que era cego ambulante e músico, tocaba o violín, as coplas de cego. Estaba casado con outra máis pobre ca el, e formaron o xermolo da banda de Vilanova dos Infantes que segue existindo felizmente.

Andaban cos monicreques, pero non me refiro ás marionetas, senón aos monifates de antes, o circo dos pobres, ese que ía sen carpa e se reunía nunha praza onde desenvolvían os números circenses e despois pasaban o prato. Eles acompañaban como músicos esas compañías de monicreques.

El morreu en Peñaranda de Bracamonte que é un sitio bo para morrer un ambulante, e é onde está enterrado.

Pero o meu tío avó Secundino fixo o seu propio número de circo e uniuse libremente, aínda que máis tarde casaron, a unha «quinqui», que son unha rama de nómades xitanoides, chamados moinantes en Galicia. Ela era de Estremadura, doutra raia. E o circo medrou e o meu tío pasou a ser un dos máis importantes empresarios de circo de España, co circo Feijóo, que despois da guerra mundial se pasou a chamar Circo Americano. A tradición chegou até o Padre Silva que é curmán meu.

**Como ve hoxe a política?** Eu son optimista. Cando era pequeno, vía fascismo. Vin un submarino alemán no porto de Vigo. O de agora é mellor, pero insuficiente. Foi terrible a caída da URSS, pero a Rusia actual segue a ser federal e a respectar as nacionalidades e linguas propias, e non se volveu cara ao zarismo. E nas causas internacionais, como en Siria, Rusia estivo de parte deste país. Ten boas relacións con Venezuela. Tamén vexo que existe Venezuela, e Cuba non caeu. A República Popular China ten o capitalismo controlado, podería expropialo cando fose preciso. Vin como caeu o Apartheid en Sudáfrica, vin como toda a África colonial se constituía en Repúblicas independentes. Pode haber horrores, pero o colonialismo desapareceu. Tiveron que inventar o neocolonialismo. O mundo non anda a correr. Oito avós teus para atrás e estamos na Idade Media.

Venezuela nestes momentos representa, con todas as dificultades do mundo, algo que inquieta moito o imperialismo e o capitalismo, e é que se pode facer un réxime progresista camiño do socialismo por sufraxio universal, e iso molesta. Pola contra, Colombia en comparación é a barbarie capitalista. Por certo, aquí manifestáronse os colombianos en protesta pola violencia do seu Goberno e non os sacou ningún medio.

**Que lle parece que as novas xeracións teñan dificultades co galego?** As linguas evolucionan. Pero o que dixo Villares é unha parvada, que si falar galego é considerado coma ser do Bloque... Eu vou a Ourense e todo o PP fala en galego e con conciencia. Oxalá Abel Caballero falase galego, coma o PP de Ourense.

**Botamos de menos a Fraga?** El era franquista de dereitas e repulsivo. Pero non vin a ningún que tivera a súa habilidade. Reivindicou a Brañas, a Castelao, cun cinismo total, pero fíxoo. Cando rendemos homenaxe ao Padre Sarmiento houbo quen se riu ante a proposta na RAG de facer o acto central en Vilafranca do Bierzo. Fraga foi a Vilafranca e Barreiro sentouno na Presidencia. Foi coma se tomase posesión do Bierzo. E os bercianos pro galegos encantados. E os alcaldes do PP do Bierzo falando con el en galego. Iso era Fraga. Agora si, eu nunca lle dei a man.

**Redimiuse un pouco?** Era unha vergonza, un ministro de Franco... Pero até con Cuba tivo a súa contribución. Fidel que era moi agudo viu unha oportunidade para sortear o bloqueo. Despois da viaxe de Fidel, Raúl Castro veu de incógnito dúas veces cos seus netos ensinalles a casiña pobre dos seus bisavós: «Nós vimos desta pobreza».

**Que lle gusta máis, a política ou a literatura?** Para min vai todo xunto, política, literatura, persoas que quero.

**Son importantes os mitos?** Claro. O outro día ía polo Calvario e xa me enfadou, primeiro rúa Numancia e despois Sagunto. Non me molestan eses nomes, pero a ningún alcalde se lle ocorreu poñerlle unha rúa ao Monte Medulio. Hai unha praza de Isabel A Católica, de Fernando O Católico, pero ningunha dos reis de Galicia.